

## Preguntas sobre a FCT

# Formación en centros de Trabajo (FCT)

# Índice

---

<b>1. Preguntas sobre a formación en centros de traballo (FCT) .....</b>	<b>3</b>
1.1 Que é o modulo de formación en centros de traballo (FCT)? .....	3
1.2 Características .....	3
1.3 Acceso ao módulo de FCT.....	3
1.4 Períodos de realización, duración e horario.....	3
1.5 Avaliación. ....	4
1.6 Outras cuestións para ter en conta. ....	4
1.6.1 Selección de empresas.....	4
1.6.2 Exención.....	4
1.6.3 Convocatoria de axudas para a realización da FCT .....	5

# 1. Preguntas sobre a formación en centros de traballo (FCT)

---

## 1.1 Que é o módulo de formación en centros de traballo (FCT)?

A principal novidade da Formación Profesional xurdida coa LOXSE é a inclusión obrigatoria dun módulo de formación en centros de traballo nas ensinanzas regradas e nos programas de garantía social da modalidade de iniciación profesional, que se desenvolverá en entornos productivos, en situacións reais de traballo. Nos programas de garantía social e da modalidade de formación profesional este módulo tamén existe tendo carácter voluntario.

## 1.2 Características

- É obrigatorio, o que significa que para a obtención dos correspondentes títulos todos os alumnos deben realizar e superar coa cualificación de "apto" o devandito módulo de formación práctica.
- Está regulado por un convenio específico que constitúe un acordo formal entre un centro educativo e unha empresa ou institución para a realización do módulo.
- Non existe relación laboral, polo que non procede remuneración ao alumno.
- Prográmase previamente; a realización deste módulo está sometida a un programa formativo elaborado por a cordo entre o centro educativo e o centro de traballo.
- Implica a realización de actividades productivas nun contorno real.
- Está dirixido por dous titores, un do centro educativo e outro da empresa.
- O alumnado está cuberto polo seguro escolar e por dúas pólizas específicas (de responsabilidade civil e de accidentes corporais) subscritas pola Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.
- Como norma xeral, realízase ó final do ciclo formativo, nun só período e de xeito ininterrompido.

## 1.3 Acceso ao módulo de FCT.

O acceso producirase ao remate das ensinanzas cursadas no centro educativo, logo da avaliación parcial previa á FCT. Para acceder a el cómpre ter superados todos os módulos do ciclo cursados no centro educativo.

## 1.4 Períodos de realización, duración e horario.

A formación en centros de traballo desenvolverase nos períodos establecidos na orde que regula dito módulo profesional.

O número de horas da estadía do alumnado no centro de traballo oscila entre 340 e 740

horas; en todo caso, a duración vén indicada nos decretos de cada currículo.

O desenvolvemento das estadías do alumnado no centro de traballo seguirá o horario laboral da entidade colaboradora, agás os casos excepcionais sinalados na orde correspondente.

Reservarase unha xornada cada quince días para a realización de actividades de seguimento de FCT no centro educativo. Estas xornadas fixaraas o titor do centro educativo e estarán dedicadas a cubrir o caderno de seguimento das prácticas por parte do alumno baixo a dirección do titor, e a solucionar todos os problemas e dúbidas que aparezan.

Cada alumno reflectirá nas follas semanais que lle entregue o titor ao inicio das prácticas as tarefas que desenvolve na empresa. As follas de actividades do alumnado serán supervisadas e asinadas polo profesorado titor.

## **1.5 Avaliación.**

O proceso de avaliación será continuo, polo que se realizará durante todo o proceso formativo. Pretende determinar a competencia profesional, entendida como a habilidade para realizar papeis ou postos de traballo aos niveis de emprego requiridos. O titor do centro educativo establecerá un calendario de visitas ao centro de traballo cunha periodicidade quincenal, para manter entrevistas co titor do centro de traballo e para observar directamente as actividades que o alumnado realiza nel. Na avaliación do módulo colaborará o titor do centro de traballo, quen deberá emitir un informe valorativo. O módulo de formación en centros de traballo cualificarase en termos de apto ou apta ou non apto ou non apto.

Á finalización do ciclo formativo entregarase o caderno de prácticas ao alumno, que serve para certificar as actividades realizadas polo alumno durante o desenvolvemento do módulo de FCT.

## **1.6 Outras cuestións para ter en conta.**

### **1.6.1 Selección de empresas**

A procura e a selección de empresas ou institucións colaboradoras na realización do módulo de FCT correspóndelle aos profesores encargados desta tarefa dentro do centro educativo, que acordarán cos responsables das empresas un programa formativo para cada alumno.

Un alumno pode realizar o módulo de FCT en varias empresas, cando unha soa non se considere suficiente para acadar as competencias profesionais relacionadas co módulo.

A realización do módulo nun centro de traballo situado fóra da Comunidade Autónoma de Galicia requirirá autorización expresa da Administración educativa.

Para a realización da FCT por parte do alumnado matriculado polo réxime de persoas adultas, o centro poderá propor un calendario e un horario flexible, que estará fundamentado e deberá contar coa autorización da Administración educativa.

### **1.6.2 Exención**

O módulo de FCT é susceptible de exención pola súa correspondencia coa experiencia laboral.

A solicitude de exención formalizarase polo menos 20 días hábiles antes do inicio das actividades programadas para o módulo de FCT.

A exención poderá ser total ou parcial, dependendo da correspondencia que haxa entre a experiencia acreditada e os contidos do módulo formativo de FCT.

A exención requirirá, ademais de cumprir o requisito de experiencia laboral, a matrícula previa do alumno ou da alumna nun centro docente autorizado para impartir ensinanzas conducentes ao título do ciclo formativo correspondente.

Débase acreditar unha experiencia laboral correspondente ao traballo a tempo completo dun ano, relacionada cos estudos profesionais respectivos. No caso de contratos a tempo parcial, os días de cotización deberán ser equivalentes a un ano a tempo completo.

O alumno ou a alumna deberán presentar na secretaría do centro a seguinte documentación:

- Solicitud á dirección do centro docente onde se estea matriculado. No caso de centros privados, a dirección trasladará as solicitudes ao centro público ao que estea adscrito.
- Certificación da Tesouraría Xeral da Seguridade Social, ou da mutualidade laboral á que se estivese afiliado ou afiliada, na que conste a empresa, a categoría laboral, o grupo de cotización e o período de contratación ou, de ser o caso, o período de cotización en réxime especial de traballadores autónomos, ou calquera outro medio de proba admitido en dereito.
- Certificación da empresa na que se indique especificamente a duración do contrato, as actividades desenvolvidas e o período en que se realizaron estas actividades. No caso de traballadores e traballadoras por conta propia, certificación de alta no censo de obrigados tributarios, cunha antigüidade dun ano, así como unha declaración da persoa interesada das actividades máis representativas.

O titor ou a titora do centro educativo, en colaboración co equipo docente, logo da análise da documentación achegada, deberán emitir un informe e unha proposta, que lle farán chegar á dirección do centro, sobre a concesión ou non da exención total ou parcial, de ser o caso.

O acordo da concesión ou non da exención total ou parcial comunicaráselle por escrito á persoa solicitante no prazo de 10 días.

### **1.6.3 Convocatoria de axudas para a realización da FCT**

O alumno ten dereito á percepción dunha axuda compensatoria polos gastos ocasionados na realización do módulo de FCT. Anualmente, a Administración educativa realiza unha convocatoria de axudas ás que pode acollerse o alumnado, que serán xestionadas polo centro educativo no que estea matriculado.